

## ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E BAREMACIÓN DO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE MONITOR/A DEPORTIVO/A DO CONCELLO DE MEIS EN SUPOSTOS DE AUSENCIA, INCAPACIDADE E SITUACIÓNS ANÁLOGAS DA TITULAR

No Salón de Plenos do Concello de Meis, sendo as 09:00 horas do día 5 de maio de 2025, reúnen os membros do tribunal cualificador do proceso de selección, mediante concurso, para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de monitor/a deportivo/a do Concello de Meis, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con fin de cubrir ditas necesidades en casos excepcionais e de carácter urxente e inaprazable necesidade, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2025-0175, de data 27 de marzo de 2025, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 67, do martes 8 de abril de 2025.

Estando presentes:

- Presidenta: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: Dna. María Carmen Merino Moina, Secretaria-Interventora do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: D. José Manuel Blanco Sanmartín, funcionario administrativo C1 do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: D. Daniel Rubio Pérez, Arquitecto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.

O Tribunal declárase debidamente constituído. De seguido toma razón da relación definitiva de aspirantes admitidos no proceso selectivo:

|   | APELIDOS E NOME          | DNI       | ACREDITACIÓN CELGA |
|---|--------------------------|-----------|--------------------|
| 1 | COSTA MACIAS IÑIGO       | **3246*** | CELGA 4            |
| 2 | GIRALDEZ BERMUDEZ SARA   | **4589*** | NON                |
| 3 | GÜIMIL CABEZAS JUAN      | **4653*** | NON                |
| 4 | MARSILLAS RIVEIRO SANDRA | **4125*** | CELGA 4            |
| 5 | MENDEZ TRONCOSO CECILIA  | **4888*** | CELGA 4            |
| 6 | PERDIZ ALVAREZ MIGUEL    | **6629*** | CELGA 4            |
| 7 | TABOADA GARCIA JAVIER    | **8082*** | CELGA 4            |

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citada praza, á vista dos documentos presentados acreditativos dos méritos, o Tribunal procede a baremar os mesmos obténdose o seguinte resultado:





| APELIDOS E NOME          | DNI       | (1)   | (2)   | (3)   | TOTAL PUNTOS<br>CONCURSO |
|--------------------------|-----------|-------|-------|-------|--------------------------|
| COSTA MACIAS IÑIGO       | **3246*** | 74,00 | 10,00 | 10,00 | 94,00                    |
| TABOADA GARCIA JAVIER    | **8082*** | 55,50 | 10,00 | 10,00 | 75,50                    |
| MARSILLAS RIVEIRO SANDRA | **4125*** | 36,25 | 10,00 | 10,00 | 56,25                    |
| PERDIZ ALVAREZ MIGUEL    | **6629*** | 6,50  | 10,00 | 10,00 | 26,50                    |
| MENDEZ TRONCOSO CECILIA  | **4888*** | 4,75  | 10,00 | -     | 14,75                    |
| GIRALDEZ BERMUDEZ SARA   | **4589*** | -     | 10,00 | -     | 10,00                    |
| GÜMIL CABEZAS JUAN       | **4653*** | -     | -     | -     | 0,00                     |

(1) EXPERIENCIA PROFESIONAL

(2) TITULACIÓN SUPERIOR

(3) CURSOS DE FORMACIÓN OU PERFECCIONAMENTO

Igualmente, compróbase que os aspirantes GIRALDEZ BERMUDEZ SARA con D.N.I. número \*\*4589\*\*\* e GÜMIL CABEZAS JUAN con D.N.I. número \*\*4653\*\*\* NON acreditan na documentación que achegan na solicitude o coñecemento do galego (CELGA 3 ou título equivalente).

A estes efectos e de conformidade coas bases que rexen o proceso selectivo, o Tribunal acorda convocar aos aspirantes ás 09:00 horas do próximo mércores día 7 de maio de 2025, nas Oficinas da Casa Consistorial do Concello de Meis (Avda. Cambados, 67 – O Mosteiro, Meis) para a realización da proba do coñecemento da lingua galega. O exercicio consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, nun tempo máximo de 30 minutos. O texto será elixido polo Tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

Contra esta listaxe, as persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal cualificador no prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación. Transcorrido o período de alegacións o tribunal elaborará as listaxes cos resultados definitivos do proceso e fará unha listaxe das persoas aprobadas, ordenada de maior a menor puntuación, que será aprobada pola Alcaldía e que servirán para efectuar os chamamentos ou contratacións temporais necesarias.

As posibles reclamacións ou correccións que se presenten deberán ir dirixidas á Sra. Presidenta do Tribunal Cualificador. En caso de que non se efectúen alegacións no prazo anteriormente indicado, o listado coas puntuacións provisionais elevarase a definitivo.

Unha vez finalizado o proceso selectivo, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello (<https://meis.sedelectronica.gal>) e na páxina web oficial a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións conseguidas, con indicación do seu documento nacional de identidade ou equivalente.

Nos casos nos que nesta acta utilízanse substantivos de xénero gramatical masculino para referirse a persoas, cargos ou postos de traballo, debe entenderse que se fai por mera economía na expresión, e que se utilizan de forma xenérica con independencia do sexo das persoas aludidas ou dos titulares dos devanditos cargos, con estrita igualdade en canto a efectos xurídicos.





CONCELLO  
DE  
**MEIS**

Sendo as 10:00 horas, non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Presidenta da por rematada a sesión. E para que así conste e aos efectos oportunos, como Secretario do Tribunal, estendo a presente acta, asinándoa dixitalmente todos os presentes en proba de conformidade.

